



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lingua e Cultura Clásica	Código	613G01006	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es j.c.santos@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da lingua latina, da literatura romana e doutros aspectos da cultura da Antigüidade, con especial atención á súa influencia sobre a civilización occidental			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecer as técnicas de análise lingüística e literaria aplicables ao campo da Filoloxía Latina, así como a terminoloxía propia desta disciplina	A1 A23	B1
Aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria a textos literarios latinos	A2	B7	
Coñecer aspectos relevantes da cultura latina e da súa pervivencia na civilización occidental	A13	B8	
Sintetizar e valorar criticamente información especializada relativa ao campo dos estudos latinos	A11	B7	
Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e outras ferramentas de procura de información adquirindo capacidade de autoformación no campo de estudos da filoloxía latina.	A11	B1 B3	C3
Relacionar os contidos específicos desta materia cos de outras áreas e disciplinas, principalmente a gramática histórica e a historia das literaturas española, galega e inglesa	A14	B5	
Organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Apreciar a diversidade		B8	



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Aspectos da historia da lingua latina	1.1 O latín, lingua indoeuropea 1.2 Etapas da historia da lingua latina 1.3 Linguas en contacto co latín 1.4 O paso do latín ás linguas romances
2. Sistema fonético do latín e a súa evolución ás linguas romances	2.1 Vocalismo e acentuación 2.2 Consonantismo 2.3 Principais liñas de evolución fonética ás linguas romances
3. O sistema morfolóxico do latín e a súa evolución ás linguas romances	3.1 O sistema verbal e a súa evolución 3.2 O sistema nominal e a súa evolución 3.3 Os pronomes: do latín ás linguas romances
4. Procedementos de organización sintáctica	4.1 Funcións e usos dos casos; a súa evolución e perda 4.2 As preposicións: a súa evolución 4.3 Principais procedementos de coordinación e subordinación
5. O contexto social e cultural da literatura romana antiga	5.1. Relacións entre a literatura romana e a grega 5.2 Funcións e usos da literatura 5.3. Os autores e o público 5.4. As etapas da historia da literatura latina antiga
6. Caracterización xeral dos xéneros poéticos non teatrais	6.1 poesía narrativa e didáctica 6.2 elexía 6.3 lírica 6.4 epigrama 6.5 bucólica 6.6 sátira 6.7 epístola poética
7. Caracterización xeral dos xéneros teatrais	7.1 Orixes e evolución do teatro en Roma 7.2. A comedia: palliata e togata 7.3. A traxedia; cothurnata e praetexta 7.4. O teatro popular: satura, fabula atellana, mimo
8. Transmisión e recepción dos textos	8.1. Transmisión manuscrita: volumes, códices, epigrafía 8.2. Transmisión impresa 8.3. Marcos da recepción literaria: lecturas públicas, espectáculos, escola, bibliotecas etc
Practicum: as Metamorfoses de Ovidio	1. Contextualización: autor e época 2 O cuestión do xénero poético 3 O contido: materia mitográfica; sentido da composición 4 A recepción das Metamorfoses na literatura e nas artes

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A13 A14 B3	30	0	30
Lecturas	A13 B8	0	25	25
Proba obxectiva	A23 B1 B6	5	0	5
Solución de problemas	A1 A2 A11 B5 B7 C3	30	60	90
Atención personalizada		0	0	0



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor de contidos relativos a cada un dos temas e subtemas co apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital.
Lecturas	Lectura por conta do/a estudante dun dossier de textos de carácter literario e/ou académico que lle será proporcionado polo profesor. Estes textos serán o material sobre o que se programarán actividades prácticas avaliábeis que consistirán en recensións e/ou controis de lectura de carácter individual, presentados por escrito
Proba obxectiva	Proba 1 de carácter teórico-práctico, sobre cuestións de fonética, gramática e historia da lingua latina Proba 2, sobre cuestións de literatura latina (en forma de test)
Solución de problemas	Exercicios prácticos de análise lingüística (fonética, morfosintáctica etc) ou ben de comentario literario de textos, que se elaborarán durante as sesións interactivas. O alumnado que goce de dispensa académica traballará de xeito autónomo e presentará os exercicios a través do campus virtual

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
	<p>Todos os estudantes poderán asistir, por iniciativa propia, a tutorías individuais coa finalidade de resolver dúbidas e planificar estratexias de resolución de problemas.</p> <p>O profesor tamén poderá convocar a calquera estudante a titorías individuais en caso de consideralo oportuno.</p> <p>Os estudantes cos dispensa académica ou matrícula a tempo parcial terán as mesmas condicións de avaliación que os restantes. Únicamente se recomenda para eles unha maior frecuencia de sesións de titoría individual a través de Teams.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A13 B8	O/a estudante dará conta das lecturas obrigatorias que consten no programa, tanto as realizadas durante as sesións interactivas como as efectuadas por conta propia, mediante un control de lectura que se efectuará a final de curso.	15
Proba obxectiva	A23 B1 B6	O estudante efectuará dúas probas de carácter teórico práctico a final de curso, unha sobre cuestións de lingua, e outra sobre cuestións de literatura.	50
Solución de problemas	A1 A2 A11 B5 B7 C3	O alumnado resolverá tres exercicios prácticos de análise lingüística (fonética, morfolóxica e sintáctica) durante as sesións interactivas. Os/as estudantes con dispensa académica presentarán estes exercicios a través do campus virtual. O valor total desta metodoloxía a efectos de avaliación será o 25% da cualificación global, á que se sumará un 10% reservado para a asistencia e participación activas nas aulas expositivas e interactivas (ponderada por medio dun control de asistencia diario).	35

Observacións avaliación



- a) De non realizar as probas obxectivas previstas o/a estudante será cualificado como Non Presentado.
- b) Para superar a materia en calquera das dúas oportunidades, o/a estudante deberá obter unha cualificación mínima de 4 na media das probas obxectivas.
- c) A asistencia e participación nas aulas, tanto expositivas como interactivas, suporá un 10% da cualificación total. A tal efecto, levarase un control de asistencia diario.
- d) As actividades presentadas por escrito, incluídas as probas finais, deben cumprir cos oportunos estándares de corrección lingüística, estar redactadas de maneira clara e carecer de faltas de ortografía. O non cumprimento destas condicións será tido en conta negativamente na puntuación da proba respectiva.
- e) Calquera falta de honradez académica (plaxio, á dicir: utilización de textos ou ideas de outros autores sen indicar a procedencia, copiar traballos, copiar en exames ou outras formas) penalizarase de acordo co establecido na normativa académica.
- f) Os/as estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xunio farán en xullo unha única proba obxectiva de carácter teórico-práctico sobre cuestións de lingua e de literatura, cuxo contido se limitará a aquelas partes que non tivesen superado previamente.
- g) Na oportunidade adiantada de novembro/décembro os/as estudantes farán unha única proba obxectiva de carácter teórico-práctico sobre cuestións de lingua e de literatura.
- h) Aos/ás estudantes con dispensa académica non se lles aplicará o 10% da porcentaxe da cualificación reservado para asistencia e participación. Ese 10% acumularase coa porcentaxe prevista para as probas obxectivas.
- i) A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise de adaptación de medidas encamiadas ao apoio á diversidade consonte as indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filologia@udc.gal)

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Tomás González Rolán e Lisardo Rubio (1985). Nueva gramática latina. Madrid, Coloquio - Lisardo Rubio (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid. Ediciones clásicas - Georges Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Madrid, Palas Atenea - José Molina Yébenes (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona, Univ. de Barcelona - Paul. M. LLoyd (1987). Del latín al español. Fonología y morfología históricas de la lengua española. Madrid, Gredos - Carmen Codoñer (1997). Historia de la literatura latina. Madrid, Cátedra - Leighton D. Reynolds - Nigel G. Wilson (1986). Copistas y filólogos. Las vías de transmisión de las literaturas griega y latina. Madrid, Gredos - Wilfried Stroh (2013). El latín ha muerto, ¡viva el latín! Breve historia de una gran lengua. Barcelona - Irene Vallejo (2020). El Infinito en un junco : la invención de los libros en el mundo antiguo. Madrid, Siruela - Ovidio (2004). Metamorfoses. Santiago, Xunta de Galicia - Ovidio (2001). Metamorfosis. Madrid, Cátedra <p>The Classics Page http://www.thelatinlibrary.com/classics.html Bibliotheca Augustana https://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html Recursos para I The Classics Page literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/portal_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) http://interclassica.um.es/ Analecta Malacitana (Univ. Málaga) http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm Ludus litterarius http://www.luduslitterarius.net/Resumos de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm Ejercicios de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías